



*SEOANE DA PREGACIÓN (SAN XOÁN)



Parroquia cunha extensión de 6,2 km² situada ao sur do concello. Conta con 50 habitantes distribuídos nos lugares de A Escravella, Mundín, O Pedroso, Seoane e Tralacorda. A súa densidade de poboación é de 8,06 hab/km².



O topónimo de **Seoane** (que dá nome tanto á parroquia coma a un dos lugares) ten a súa orixe no latín *Sanctus Iohannes* (San Xoán) que, debido á evolución fonética, derivou no termo que hoxe coñecemos. Trátase polo tanto dunha dobre referencia ao patrón da vila, San Xoán, que se fixo necesaria coa evolución do mencionado haxiotopónimo. A parte final deste, como xa se explicou no apartado de San Cibrao da Pregación, provén do latín *precatio-onis* que significa pregar, orar ou rezar, e que seguramente se referiría a un antigo santuario ou monumento relixioso construído na honra de San Xoán.

En canto aos nomes das entidades poboacionais, **A Escravella** semella vir da mesma raíz ca o insecto escaravello (do lat. *scarabeus*) aínda que tamén é certo que podería derivar do verbo escarbar, pero é de difícil explicación.

Mundín sería o xenitivo do antropónimo *Mundinus*, voz latina ou gótica, pero hai discrepancias entre os autores.

O Pedroso, pola súa parte, fai referencia a un terreo onde as pedras son abondosas, do latín *petrosus*.

Por último, **Tralacorda** designa un lugar que se atopa «detrás da corda», ou sexa, detrás do cordal dunha montaña. É preciso dicir que esta é unha fórmula moi común na conxunción dos topónimos galegos, xa que hai un bo número deles que están compostos pola partícula *tras-*, como por exemplo a parroquia de Trasparga en Guitiriz, Trascastro en O Incio, ou mesmo a veciña parroquia de Trasmonte.

*Texto extraído do traballo clasificado no segundo posto do "I Premio de investigación Histórica, Cultural e Entnográfica Concello de Friol" presentado por Dona Laura Ferro Devesa e Dona Estefanía Pena Ferro e titulado "TOPONIMIA DO CONCELLO DE FRIOL" Friolensis